



axencia de doazón de órganos e sangue

APellidos, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: AUXILIAR CLÍNICA/LABORATORIO

PARTE COMÚN

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EJERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA



1. De acordo co artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, as actuacións das administracións públicas sanitarias estarán orientadas:
- A) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
 - B) A estimular o interese individual, familiar e social pola saúde mediante a súa adecuada promoción.
 - C) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional das instalacións sanitarias.
 - D) A promover as accións necesarias para unha adecuada formación no ámbito das profesións sanitarias.
2. O artigo 5 do Decreto 100/2005, do 21 de abril, polo que se regula a hemodoazón e a hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia, di que os servizos de transfusión terán, entre outras, a seguinte obriga:
- A) Establecer e manter un sistema de calidade e de rastrexabilidade acorde coas boas prácticas clínicas e de laboratorio.
 - B) Establecer e manter un sistema de calidade acorde coas boas prácticas clínicas e de laboratorio.
 - C) Establecer e manter un sistema de rastrexabilidade acorde coas boas prácticas clínicas e de laboratorio, asegurando a conservación da documentación sobre procedementos operativos.
 - D) Establecer e manter un sistema de rastrexabilidade acorde coas boas prácticas clínicas e de laboratorio.
3. No artigo 5 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, determínase que:
- A) A lingua oficial de Galicia é o galego.
 - B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos e de usalos.
 - C) As institucións das comunidades autónomas empregarán preferentemente o galego.
 - D) Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.
4. O artigo 10 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que todos teñen unha serie de dereitos con respecto ás distintas administracións públicas. Entre estes dereitos está:
- A) O dereito ao acceso á súa historia clínica.
 - B) O dereito a participar nas decisións en materia de política sanitaria que lle afecten.
 - C) O dereito á confidencialidade daquela parte da información relacionada co seu proceso que deba ser obxecto de especial protección segundo a normativa sobre protección de datos.
 - D) O dereito á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.

5. Segundo o artigo 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo. O devandito dereito:

- A) Supón que, no que respecta ao ámbito das administracións públicas, estas teñen o deber de protexer o persoal ao seu servizo fronte aos riscos laborais.
- B) Só é aplicable no ámbito privado.
- C) Será aplicable no ámbito das administracións públicas logo de aprobarse o correspondente plan anual de prevención de riscos laborais.
- D) Será aplicable no ámbito das administracións públicas logo de aprobarse o correspondente plan anual de prevención de riscos laborais, debidamente supervisado pola autoridade laboral competente.

6. De acordo co artigo 43 da Constitución española de 1978:

- A) Compételles aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- B) Compételle ao Estado organizar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- C) Compételles ás comunidades autónomas tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.
- D) Compételle ao Estado e ás comunidades autónomas organizar a saúde pública, pero a súa tutela debe exercerse desde a Administración local.

7. O artigo 43 da Constitución española de 1978 recoñece:

- A) O dereito á protección da saúde pública.
- B) O deber de protección da saúde pública por parte dos poderes públicos.
- C) O dereito á protección da saúde.
- D) A e B son correctas.

8. Ao abeiro do previsto no artigo 8 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as institucións e os centros sanitarios públicos e privados:

- A) Nunca poderán proceder ao tratamento dos datos de carácter persoal relativos á saúde das persoas que a eles acudan.
- B) Poderán proceder ao tratamento dos datos de carácter persoal relativos á saúde das persoas que a eles acudan ou teñan que ser tratadas nestes nas condicións que nel se indican.
- C) A e D son correctas.
- D) Nunca poderán proceder ao tratamento dos datos de carácter persoal relativos á saúde das persoas que teñan que ser tratadas neles.

9. Para os efectos da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e segundo o previsto no seu artigo 4, enténdese por «equipo de protección individual»:

- A) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para protexerse a si mesmo e aos demais traballadores e usuarios do centro de traballo de que se trate.
- B) Calquera equipo, debidamente homologado, destinado á protección dos traballadores e usuarios do centro de traballo.
- C) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde no traballo, así como calquera complemento ou accesorio destinado para tal fin.
- D) Calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa de riscos potenciais e graves que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde.

10. O artigo 33 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que lle corresponde á comunidade autónoma:

- A) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade exterior.
- B) O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.
- C) A execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.
- D) A e D son correctas.

11. De acordo co establecido no artigo 9 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, os poderes públicos deberán:

- A) Informar os usuarios dos servizos do sistema sanitario público, ou vinculados a el, dos seus dereitos.
- B) Informar os usuarios dos servizos do sistema sanitario público, ou vinculados a el, dos seus deberes.
- C) Informar os usuarios dos servizos do sistema sanitario público, ou vinculados a el, dos seus dereitos e deberes.
- D) Informar os usuarios dos servizos do sistema sanitario público, ou vinculados a el, dos seus dereitos e deberes, pero os usuarios poderán negarse a ser informados dos seus dereitos.

12. O artigo 96 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia establece que:

- A) Será presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde o conselleiro ou conselleira de máis idade dos nomeados polo presidente da Xunta para formar parte do seu Goberno.
- B) Será presidente ou presidenta do Servizo Galego de Saúde a persoa titular da Consellería de Sanidade.
- C) A Presidencia do Servizo Galego de Saúde e a titularidade da Consellería de Sanidade nunca poderán ser desempeñadas pola mesma persoa, salvo se se trata dunha muller.
- D) A Presidencia do Servizo Galego de Saúde e a titularidade da Consellería de sanidade poderán ser desempeñadas pola mesma persoa, sempre que acredite formación suficiente en materia sanitaria.